

OTRAS ENTIDADES Y ANUNCIOS PARTICULARES

EMPRESAS Y SOCIEDADES

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL

Exposición pública do padrón das prestacións patrimoniais pola prestación dos servizos de subministración de auga, dos servizos de saneamento e depuración de augas residuais e o canon da auga correspondentes ao 2º trimestre de 2026

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA

Exposición pública do Padrón das prestacións patrimoniais pola prestación dos servizos de subministración de auga, dos servizos de saneamento e depuración de augas residuais e o canon da auga correspondentes ao 2º trimestre do 2026

EXPTE. GESTDOC: 13648/2026

Por resolución da Presidencia da Entidade pública empresarial Augas de Ames EPEL de data 17/07/2026, prestouse aprobación ao Padrón de prestacións patrimoniais pola prestación do servizo de abastecemento de auga, pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais e canon da auga correspondentes ao segundo trimestre de 2026.

O Padrón quedará exposto ao público durante o prazo de 20 días hábiles para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións que consideren oportunas.

Contra as liquidacións que se inclúen no Padrón, os interesados poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso de Reposición, perante a Presidencia da Entidade Augas de Ames EPEL, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do Padrón.

- Recurso Contencioso-administrativo, contra a resolución, expresa ou tácita, do recurso de reposición, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Contra a repercusión do canon do auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais poderá interpoñerse reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación, consonte co establecido no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertido a Sistemas Públicos de Depuración de Augas Residuais.

Prazo para o pago: o período voluntario de cobranza das prestacións patrimoniais indicadas, para a Entidade pública empresarial Local Augas de Ames EPEL, será do día 5 de agosto de 2026 ao 4 de novembro de 2026, ámbolos dous inclusive. O cargo dos recibos domiciliados efectuarase o día 12 de agosto de 2026.

Modalidades de pago:

- Pagamentos domiciliados: faranse efectivos mediante débito na conta sinalada polo interesado.
- Pagamentos non domiciliados: O pago poderá efectuarse:

a) Na oficina virtual de Augas de Ames EPEL <https://ov.augasdeames.gal>

b) En calquera oficina da entidade bancaria colaboradora (Abanca), empregando os documentos de pago (recibos), que se enviarán ao domicilio declarado do usuario por correo ordinario.

c) A través de caxeiro automático da entidade colaboradora Abanca.

d) A través da TPV virtual de Abanca.

No caso de perda do devandito documento de pago, o obrigado ao pagamento poderá ata o día 04/11/2026, obter un duplicado nas Oficinas da Entidade Augas de Ames EPEL sitas en :

Bertamiráns: Ru/ Agrelo nº 7, bx. Tfno. 981.89.07.76

Milladoiro: Ru/ Rosalía de Castro nº 56 bx. Tfno. 981.93.94.45

E-mail: info@augasdeames.gal

Web: <https://augasdeames.gal>

A partires desta data aplicaranse os recargos correspondentes.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do período executivo, percibíndose as recargas e demais conceptos esixibles, en aplicación dos artigos 26 e 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. O importe do canon da auga non ingresado no período voluntario será esixido pola vía de constrinximento pola Concellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Ames, 17 de xullo de 2026

O Presidente da Entidade pública empresarial Augas de Ames EPEL

José Blas García Piñeiro

2026/4835